

A atención do Presidente e da Corporación do Concello de Chantada

MOCIÓN DE POR CHANTADA-CUP PARA A DEFENSA DA INDEPENDENCIA E A CALIDADE DOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN PÚBLICOS GALEGOS E O IMPULSO Á COMUNICACIÓN SOCIAL DE PROXIMIDADE



Antom Fente Parada, membro de pleno dereito da Corporación do Concello de Chantada e voceiro do grupo municipal Por Chantada-CUP, apresento ao abeiro do disposto nos artigos 94.1 e 94.2 do Regulamento Orgánico Municipal e 91.4 e 97.2 do *Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais* a seguinte MOCIÓN para a súa discusión e aprobación, se procede, relativa á *Moción de Por Chantada-CUP para a defensa da independencia e a calidade dos medios de comunicación públicos galegos e o impulso á comunicación social de proximidade*.

A tal efecto, apresento para a súa discusión, co alvo de suscitar a UNANIMIDADE da CORPORACIÓN que permita a súa aprobación, a seguinte **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**:

A situación en que se encontra a Compañía de Radio e Televisión da Galiza (CRTVG doravante) mobilizou por vez primeira en moitos anos un colectivo de técnicos, redactores e produtores que nunca estivera moi unido. Segundo Concha de la Fuente, auxiliar de produción no *Diario Cultural* en declaracións ao *Novas da Galiza*:

na CRTVG nunca houbo moita solidariedade entre as traballadoras. Moitas persoas entraron grazas ao PP e foron moi poucas as que se atreveron a cuestionar a maneira de facer durante anos e anos en canto os medios públicos íanse degradando e perdendo calidade e rigor informativo. Mais algunha cousa mudou desde que en maio a dirección anunciou a nova programación.

Pois a partir de setembro a dirección suspende as conexións locais e o programa da radio *Diario Cultural*. Isto trouxo consigo que os traballadores da CRTVG se erguesen en colaboración cos de TVE, que xa estaban en pé pola manipulación terríbel que sufriu este medio so Goberno de Mariano Rajoy, tamén do PP. Así as cousas, cada sexta-feira, os traballadores vestidos de negro

denuncian a situación laboral e os usos políticos que a compañía fai da información, impulsando a *Plataforma Defende a Galega*. Esta, solicita o lóxico, pois «queremos uns medios públicos que só sirvan aos galegos e ás galegas» e o «cumprimento íntegro da *Lei de medios*», aprobada en 2011 e incumprida dende seis meses despois da súa entrada en vigor.

Os redactores poñen o foco no control informativo, nomeadamente no espazo do parte da TVG. A xestión da vaga de incendios a finais de 2017, o case ocultamento da trama de corrupción Gürtel que atinxiu de cheo ao PP, a emisión express dunha única peza coa entrada de Iñaki Urdangarín na prisión fronte oito seguidas da demisión do Ministro de Cultura do PSOE Màxim Huerta... Un suma e segue que subliña a grave situación que atravesan os medios públicos galegos creados con vocación de servizo á cidadanía galega e non para seren o NODO do PP.

Un cámara, que prefire manter o anonimato, declarou ao *Novas da Galiza*¹ a lei da *omertá* existente:

Desde que as Mareas chegaron ás cámaras municipais a consigna é afundalas. En Vigo, as redactoras son obrigadas a procuraren ratas, na Cruña lixo e en Compostela as famosas fochancas. Teñen tido equipas de delegación mobilizadas toda unha mañá na procura de calquera cousa que poida perxudicar estes gobernos municipais e ademais empregan para isto os traballadores díscolos como castigo.

Outro xornalista engade:

A moitos xornalistas dános vergoña pór a cara e a voz para enganar a cidadanía, que está a pagar uns medios públicos para informala co máximo rigor. Até agora sempre o fixemos porque eramos ameazadas veladamente ou marxinas cubrindo información pouco relevante, ademais instalouse a crenza de que o partido que gobernaba fose da cor que for, puña os medios públicos á súa disposición, mais a ética profesional impídenos continuar a funcionar desta maneira.

Pode entón existir democracia e non simulacro onde non existe comunicación social e só altofalantes da oligarquía e dos poderes fácticos? Desde hai tempo a TVG nunca abre o parte con novas da Galiza, non sendo que haxa algo extremadamente relevante, pois a actualidade política de primeira orde pasa xa sempre por Madrid e así refórzase a idea de que a política galega non é con nós nen nos atinxe. Desta arte, nos informativos a técnica da compensación é unha constante: por cada nova en que o PP poda saír mal parado confecciónanse 3-4 que poden afectar ao PSOE e redúcense os tempos das novas dedicadas ao PP cando non interesa que estas teñan relevancia.

Como exemplo paradigmático, o tratamento da trama Gürtel: a nova non abriu o parte dese día a pesar de facer caer o Goberno e só se pasou após unha nova sobre a explosión de Tui e os acordos do Consello da Xunta. A peza Gürtel debía durar apenas 50 segundos e non había conexións en directo á Audiencia Nacional, segundo a consigna recibida polo redactor da xefa de informativos. Máis un exemplo foi no outubro pasado o tratamento da vaga de incendios: 70 focos activos e a cidade máis grande do país, Vigo, sitiada polo lume non mereceron unha conexión en

1 “Estoura o conflito na CRTG” in *Novas da Galiza*, nº169, julho 2018, pp. 12-14.

directo até ás once e media da noite seguindo coa programación habitual. A catalá TV3 ou a basca ETB conectaron moito antes que a propia TVG en directo coa Galiza e a nova era a primeira en todos os informativos estatais.

Nese mes de outubro a prioridade dos xefes de informativos era o referendo catalán «co que se subvertía a orde constitucional» e algúns enviados especiais repetían nas retransmisións en directo o mesmo discurso que empregaba o PP nas rodas de prensa, como falar de «referendo ilegal». O resultado foi unha crecente catalanofobia en amplas capas sociais, que mesmo se ten traducido en casos de racismo, algo inédito na cultura e na forma de ser dun pobo emigrante como o galego, xenerosamente acollido en Catalunya. Os aprendices de bruxo están de noraboa.

Toda esta situación desembocou o 22 de xuño pasado na dimisión de Tati Moyano e Alfonso Hermida, presentadores do Telexornal, polo tratamento informativo. Son moitos os datos demoledores que asinalan á xestión do PP dos medios públicos:

- a lei en 2011 aprobou a creación dun Consello Informativo que segue sen existir e, daquela, sen velar pola transparencia informativa;
- desde 2010 os traballadores sofren un recorte salarial de 5% que recuperaron xa a maioría dos traballadores doutras televisións autonómicas;
- o orzamento para 2018 é de 107 millóns de euros, cando na época do bipartito atinxía os 148;
- o plantel reduciuse desde 1200 traballadoras para 900.

Porén, é claro que non todo o mundo perdeu. O director da CRTVG, Sánchez Izquierdo, vén de *La Región* con coñecidos vencellos co PP, desembarcando en San Marcos o mesmo ano que Feijoo chegou á Presidencia da Xunta. Desde entón situou en postos chave a xente da liña do PP, como a directora de informativos Concha Pombo; o directo de proxecto social, Jaime Arias, encargado de elaborar unha carta para os traballadores, após os incendios, en que dicía «é inxusto, inmoral e mentira que a TVG chegou tarde na cobertura»; os redactores xefes Marta Darriba, moi ligada ao PP, e Marcos Sueiro, procedente dunha contratación externa desde o xornal *ABC*.

Tamén en Chantada o medio local *Televinte* fecha un ciclo para abrir outro, a *Canle Ribeira Sacra* (CRS) cunha orientación de contidos en liña e máis abranxente focando a totalidade da Ribeira Sacra. Unha aposta ambiciosa e valente que require da debida sensibilidade por parte da administración local para que a nosa vila sexa a capital do audiovisual e a creatividade cultural da Ribeira Sacra. A CRS vai ser un medio audiovisual e en liña multiplataforma e á carta, que contou con apoio económico xa dalgún organismo como o XDR Miño-Ulloa, dando servizo a 21 concellos

galegos (todos os involucrados da denominada Ribeira Sacra). O Concello de Chantada non pode ollar de esguello esta iniciativa, senón que cómpre que a apoie decididamente.

Polo anteriormente exposto, desde Por Chantada-CUP propónse ao Pleno da Corporación de Chantada o seguinte **ACORDO**:

1.- Trasladar o apoio ás mobilizacións do persoal da CRTVG en defensa duns medios de comunicación públicos de calidade e independentes.

2.- Trasladar á Xunta, ao Parlamento de Galicia e á CRTVG a necesidade de que se renove canto antes a Dirección da CRTVG e se cree o Consello de Informativos, tal e como dispón a *Lei 9/2011 dos medios públicos de comunicación audiovisual da Galiza*.

3.- Trasladar o interese e a vontade de apoio ao proxecto *Canle Ribeira Sacra* que permitan gañar unha nova dimensión cuantitativa e cualitativa á información local, partindo do bon facer do proxecto local *Televinte Chantada*. A tal efecto, a Corporación compromete apoio económico, mediante convenio, no Orzamento de 2019 e estudará a creación dun Consello do audiovisual que permita a Chantada ser un centro cultural e audiovisual dinámico, con referencialidade para o conxunto da Ribeira Sacra e do interior do noso país.

Chantada, 20 de outubro de 2018.